



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**UNIÓN EUROPEA**  
**Fondo Social Europeo**  
*"O FSE inviste no teu futuro"*



GOBIERNO  
DE ESPAÑA  
MINISTERIO  
DE EDUCACIÓN, CULTURA  
Y DEPORTE

---

Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior

CSPC001

# Lingua galega

---

Lingua galega



# 1. Formato da proba

---

## Formato

- A proba constará de 20 cuestións tipo test.
- As cuestións tipo test teñen tres posibles respostas, das que soamente unha é correcta.

## Puntuación

- Puntuación: 0,50 puntos por cuestión tipo test correctamente contestada.
- Cada cuestión tipo test incorrecta restará 0,125 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.

## Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.



## 2. Exercicio

### Texto 1

A temática das lendas castrexas é variada. Vai desde a que se refire aos mouros e mouras como habitantes dos castros, (...) ata a que fai referencia a enterramentos, tesouros, emprazamentos castrexos, infraestruturas subterráneas agochadas, encantamentos, trabes, animais (touros, cabalos, cobras, galiñas, pitiños...), ou á noite de San Xoán. Existe variedade en canto aos personaxes lendarios que poboaron castros, monumentos prehistóricos (mámoas...), e incluso algunhas paraxes destacadas do mundo rural (fontes, penedos...). Entre eles sobresaen os mouros como construtores das mámoas e dos castros e de calquera outro monumento que presente algunha particularidade (...).

Con respecto aos *mouros*, estes non son auténticos musulmáns, xa que comen carne de porco, beben viño, e incluso as *mouras* son fermosas louras de pel branca. Máis ben os *mouros* son asimilados ao outro, ao estraño e ao antigo, converténdose nunha especie de tribo máxica á que se lle atribúen fenómenos supranormais ou lugares que requirían unha explicación polo que toca á historia popular, como os monumentos prehistóricos. Personificando o alleo, serven, por contraposición, para definir o que é propio. Todo aquilo que non é asumido culturalmente polo grupo é *mouro* e adscríbese á *mourindade*. De aí que hoxe non se poida aceptar a idea de que detrás dos *mouros* está o recordo dos habitantes prehistóricos de Galicia. Tal como dicía Vicente Risco, os *mouros* serían unha creación simbólica dos campesiños galegos que serviría para expresar certas ideas e inquietudes da comunidade rural.

Esta faceta dos *mouros* (e outros seres sobrenaturais e míticos que poboan os castros) como contrapostos aos homes apréciase nunha serie de trazos fundamentais: viven baixo terra (sobre todo dentro de castros, mámoas, rochas, covas ou minas), teñen unha actividade fundamentalmente nocturna, non son cristiáns e ás veces posúen caracteres diabólicos, empregan diferente lingua (utilización do castelán fronte ao galego dos veciños), e son posuidores de grandes riquezas (os seus obxectos, ata os da vida cotiá, soen ser de ouro) e gardiáns de tesouros encantados mediante poderes especiais.

Pola contra, os humanos caracterízanse por viviren na superficie, teren unha actividade fundamentalmente diúrna, seren cristiáns, utilizaren o galego nos seus diálogos, non posúen riquezas nin tesouros, basearen a súa actividade económica na produción agrogandeira e non teren poderes especiais (a non ser que algún mediador llelos facilite).

De modo particular, entre a *mourindade* castrexa, destacan as *mouras*. Estas, cargadas dun simbolismo referido a un primitivo culto á fertilidade, soen estar asociadas á noite de San Xoán e integradas dentro dunha estrutura “muller – serpe – auga – Lúa”, cuxa orixe estaría en pobos neolíticos paleomatriarcais. A súa presenza nas lendas vencéllase a aquelas que posúen un certo carácter moralizante. Así atopamos a *moura* que aparece peiteando coidadosamente os seus longos cabelos (xeralmente de noite e cerca dunha fonte). Estes encantos soen ter a pel clara e o cabelo louro, ademais de gozaren dunha gran beleza, algo que as converte en mulleres sedutoras polas que os homes quedan engaiolados.

Antonio Presas García e Xoán Carlos García Porral.

*O mundo dos castros*, Faro de Vigo (2014). [adaptación]



1. Segundo os autores, as mouras son:

---

- A Seres lendarios de pel clara e cabelo louro que simbolizan o culto á fertilidade.
- B Habitantes dos asentamentos prehistóricos galegos que teñen poderes especiais.
- C Personaxes literarios que non posúen riquezas senón que viven da agricultura.

2. Segundo os autores, os mouros son:

---

- A Seres lendarios que habitan lugares arqueolóxicos segundo a crenza popular.
- B Habitantes dos asentamentos neolíticos galegos na época da conquista romana.
- C Personaxes literarios que aparecen nas obras dalgúns escritores.

3. Segundo o texto, cal é a serie de afirmacións correcta?

---

- A Os habitantes prehistóricos dos emprazamentos castrexos son cristiáns, personifican o alleo, serven para definir o propio, son gardiáns de tesouros encantados mediante poderes especiais e teñen unha actividade fundamentalmente diúrna.
- B Os *mouros* teñen unha actividade fundamentalmente nocturna, basean a súa actividade económica na produción agraria, non teñen poderes especiais, non posúen riquezas nin tesouros, viven na superficie e utilizan o galego nos seus diálogos.
- C Os seres lendarios que habitaron os castros son variados, convértense nunha especie de tribo máxica á que se lle atribúen fenómenos supranormais e constitúen unha creación simbólica dos campesións galegos para expresar certas ideas.

4. Na palabra paleomatriarcais [líña 33] o elemento de orixe grega “paleo-“ significa:

---

- A Semellante.
- B Estranxeiro.
- C Antigo.

5. Segundo os autores, a palabra mourindade [liñas 15 e 30] refírese a un conxunto de:

---

- A Personaxes literarios que representan o recordo dos habitantes prehistóricos.
- B Seres lendarios cuxas características personifican o alleo á comunidade rural.
- C Habitantes das aldeas galegas que se dedican á produción agraria e gandeira.

6. Cal é a serie de palabras correcta?

---

- A Orvallo, avelá, almorávide, veira, valeiro, bolboreta, biosbardos, baía, bispo, móvil.
- B Orballo, abelá, almorábide, beira, baleiro, bolboreta, biosbardos, baía, bispo, móbil.
- C Orvallo, avelá, almorávide, veira, valeiro, volvoreta, viosvardos, vaía, vispo, móvil.



7. Cal é a serie de palabras correcta?

---

- A** Triple, vinte e dous, dazanove, tres centas dúas, décimo oitava.
- B** Triple, vintedous, dezanove, trescentasdúas, décimoitava.
- C** Triplo, vinte e dous, dezanove, trescentas dúas, décimo oitava.

8. Cales son os emparellamentos correctos?

---

- A** Igni- = lume; oro- = boca; helio- = sol; caco- = malo; pseudo- = falso.
- B** Melo- = froita; poli- = varios; psico- = alma; xilo- = estranxeiro; pan- = cereal.
- C** Pótamo- = cabalo; foto- = luz; bio- = célula; iso- = diferente; termo- = morno.

9. Cal destas oracións contén un erro ortográfico?

---

- A** Se non estudas os temas, suspenderás o exame.
- B** Non os coñezo se non a través das fotos que me ensinaches.
- C** Vai rápido, se non, non chegarás a tempo.

10. Cal destas oracións contén un pronome persoal átono incorrectamente colocado?

---

- A** Che chegou con ese prato de comida?
- B** Seica lle deron un posto de vixilante.
- C** Moito vos aburriades aquelas tardes de inverno.



## Texto 2

### **Londres estrea a maior ponte solar do mundo**

Como nos anos da Revolución Industrial, o silencioso río Támesis ao seu paso polo centro de Londres é testemuña doutro fito tecnolóxico. Esta vez é a instalación do primeiro teito de placas solares sobre a ponte ferroviaria de Blackfriars, que xerará a metade da enerxía que consome a estación en que desembocan a ponte e as vías do tren. En total encaixáronse 4.400 paneis fotovoltaicos que reducirán as emisións de dióxido de carbono (CO<sub>2</sub>) nunhas 511 toneladas anuais, máis ou menos as que xeran 89.000 viaxes en coche.

A inauguración do teito solar este luns tivo un sabor moi inglés. Os miles de pasaxeiros que pasan cada día pola estación de tren de Blackfriars, que une a City -o sector financeiro de Londres- co sueste da cidade, foron obsequiados cunha cunca de té gratuíta. A explicación deste agasallo é a seguinte: a nova cuberta ecolóxica fabrica enerxía suficiente para producir 80.000 cuncas de té por día.

En total, as placas solares ocupan 6.000 metros cadrados e forman un teitume que foi amalgamado nos últimos dous anos por uns 9 millóns de euros. A construción do tellado solar empezou en outubro do 2011 e, alén de Panasonic, a firma fabricante dos paneis, participaron tamén a compañía Solar Century, que se responsabilizou da instalación das placas, e a empresa First Capital Conect, que opera os trens da estación citada.

A pioneira cuberta, situada nunha cidade na cal o sol non loce precisamente a diario, contribuirá a diminuír as emisións de dióxido de carbono. En Londres o 22% destas emisións proceden do transporte en xeral. O tellado solar de Blackfriars estase convertendo, ademais de nunha xesta tecnolóxica e ecolóxica, nunha nova icona da cidade, porque se observa desde varios quilómetros ao longo do río Támesis e mais xunto á catedral de San Paulo.

A ponte de Blackfriars, de feito, está formada por dúas próximas e en paralelo, a ferroviaria e agora cuberta, e a destinada aos coches e peóns. Como a maioría das pontes sobre o Támesis ao seu paso polo centro de Londres, foi construída no século XIX. Non se construíu ningunha ponte durante o século XX ata a do Milenio no ano 2000. A de Blackfriars foi inaugurada pola raíña Victoria en 1869, tras nove anos de construción. Foi bautizada co nome do primeiro ministro William Pitt (1759–1806), pero impúxose o nome popular de Blackfriars facendo referencia a un mosteiro da Orde Dominicana que houbo alí de 1278 a 1538. A orde foi fundada polo español Domingo Félix de Guzmán (1170-121), natural de Caleruega (Burgos).

Conxa Rodríguez. Londres, 4 de febreiro de 2014

<http://www.elmundo.es/>



11. Segundo a autora:

---

- A** Na construción do teito solar participaron tres empresas ao longo de dous anos.
- B** A ponte inaugurouse no século XVIII, sendo primeiro ministro William Pitt.
- C** O río Támesis posúe varias pontes con teitos solares ao longo de varios quilómetros.

12. Cal é a afirmación correcta?

---

- A** A empresa que fabricou os paneis solares non se encargou da súa instalación.
- B** A metade das emisións de CO<sub>2</sub> da cidade procede do sistema de transporte.
- C** A maior parte das pontes sobre o río construíronse durante os últimos cen anos.

13. A instalación de paneis solares está a facerse sobre:

---

- A** Dúas pontes próximas situadas en paralelo.
- B** Unha ponte de tren.
- C** O teito dunha estación.

14. Os paneis fotovoltaicos permitirán:

---

- A** Reducir as emisións de dióxido de carbono orixinadas polos coches da cidade.
- B** Producir miles de cuncas de té cada día para os pasaxeiros do ferrocarril.
- C** Xerar o 50 % da enerxía que necesita a estación de tren de Blackfriars.

15. No texto, a palabra xesta [líña 20] significa:

---

- A** Cambio producido en algo.
- B** Conxunto de feitos memorables.
- C** Acción de avanzar.

16. No texto, a palabra icona [líña 20] significa:

---

- A** Obra construída na honra de alguén ou de algo para que sexa recordado permanentemente.
- B** Signo que representa unha idea ou obxecto cos que mantén unha relación de semellanza.
- C** Edificio destinado a albergar moitas persoas, todas elas unidas por algunha característica afín.



17. Cal é o tempo verbal correcto?

---

- A Valdría, valdrías, valdría, valdríamos, valdríades, valdrían.
- B Crin, criches, creu, cremos, crestes, creron.
- C Salgo, sales, sale, salimos, salides, salen.

18. Cal destas oracións contén un infinitivo flexionado correctamente utilizado?

---

- A Para valorarmos correctamente os datos, debemos coñecer a fiabilidade da enquisa.
- B Neste momento están a daren as doce do mediodía.
- C Non poden deixaren de reivindicar os seus dereitos.

19. Cal destas oracións contén unha cláusula subordinada substantiva en función de suxeito?

---

- A Que poida vivir así é un milagre.
- B Precisa de quen o axude.
- C Dime se vas ir á asemblea este sábado.

20. Cal é a serie de palabras correcta?

---

- A Quilogramo, cuadrimestre, arquivo, contía, kurdo, bacallau, caderno, psicanálise.
- B Kilogramo, cuadrimestre, arquivo, cuantía, curdo, bakalao, caderno, psicoanálise.
- C Kilogramo, cuatrimestre, archivo, cuantía, kurdo, bacalao, cuaderno, psicoanálise.